



# PLAN LECTOR

I.E.S. FREI MARTÍN SARMIENTO



*Fr. Martín Sarmiento*



## **PLAN LECTOR**

- 1. Análise da situación de lectura e escritura no Centro.**
- 2. Obxectivos do Plan lector.**
- 3. Organización de espazos e tempos para a lectura no IES: Actividades.**
  - 3.1. Espazos: aulas, Biblioteca, Usos Múltiples, aulas de informáticas e outros espazos.
  - 3.2. Tempos.
  - 3.3. Actividades para o fomento da lectura. Recursos e materiais necesarios.
- 4. Recursos humanos e materiais. A Biblioteca.**
- 5. Seguimento e avaliación.**

## 1. Análise da situación da lectura e escritura no Centro.

1.1. PEC (contexto socioeconómico como referente de partida<sup>1</sup>).

1.2. Enquisas: alumnado<sup>2</sup>, profesores, e familias/persoal non docente.

- Enquisas alumnos.
- Enquisas profesorado<sup>3</sup> (trala aprobación da CCP e vía Departamentos Didácticos).
- Enquisas pais<sup>4</sup>.

Que analizamos nestas enquisas?

- ⇒ As prácticas lectoras e escritoras do alumnado e do contexto socioeconómico.
- ⇒ Identificar logros e dificultades en relación coa práctica docente.
- ⇒ Análise das metodoloxías empregadas na práctica docente.
- ⇒ Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.
- ⇒ Estudiar a situación dos recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos do centro para o fomento da comprensión lectora.

---

<sup>1</sup> No curso 2009-2010 estaba aínda sen facer, os datos sacáranse das matrículas ou consultando aos titores dos cursos.

<sup>2</sup> Repartíronse no curso 2008-2009.

<sup>3</sup> Repartíronse unhas enquisas no 1º trimestre do curso 2009 2010 pero non se obtivo resposta. As enquisas dirixíronse por unha banda aos departamentos e por outra ao profesorado, insistimos en volver a consultar ao profesorado por que consideramos que é fundamental coñecer a súa opinión. Repartiríanse na 1ª CCP que se convocase no 2º trimestre do curso 2009-2010.

<sup>4</sup> A través do Consello Escolar ou aos pais que acudan ao centro a falar cun titor ou profesor.

## **Análise da situación de lecto-escritura entre o alumnado:**

Conclúese que a Biblioteca do Instituto (non así outras bibliotecas) é coñecida por unha ampla maioría, máis do 90%, pero a partir de aquí podemos sacar outras conclusións, que moi poucos van pola súa conta e que a maior parte dos que van fixéronno sós (fundamentalmente no recreo), e non acompañados por un profesor<sup>5</sup>.

Cando consultan ou acuden á biblioteca, o 76%, fannos para pedir en préstamo libros de lectura<sup>6</sup> postos nas correspondentes materias ou para realizar algún traballo, e á hora de consultar, son moi demandados: Internet, máis do 90%<sup>7</sup>; tamén revistas e xornais, menos e só algunhas veces<sup>8</sup>, enciclopedias, libros,...que saben onde están (coñecen a Biblioteca) pero o que non saben é buscar no catálogo, máis do 50%, polo que dificilmente buscarán no de outras bibliotecas ou irán a elas.

Máis da metade, o 63% non participaron en actividades de fomento da lectura polo que cara próximos cursos académicos sería importante programar actividades, tanto de formación de usuarios como de fomento da lectura ao longo do curso.

É importante esta labor de dinamización, xa que só o 9% dos alumnos consultados vai a outra biblioteca (debemos ter en conta a súa procedencia) e máis do 50% nunca ou case nunca. O que len procede os seus propios fondos<sup>9</sup> e escollen por recomendación maioritariamente dos amigos seguido dos profesores. En canto ás familias, quitando excepcións pouco/nada significativas nas porcentaxes, o seu papel é pouco destacado, e se tivéramos que destacar, dicir que é maior a porcentaxe de nais que de pais lectores.

Que conclusións sacamos?

Que a biblioteca e as persoas responsables son coñecidas, pero que é necesario aplanar as actividades de dinamización na que se impliquen biblioteca e o conxunto do profesorado, actividades que teñan como centro a biblioteca, pero non exclusivamente, tamén están as aulas. E que dentro das actividades,

---

<sup>5</sup> Poderíamos sacar a conclusión de que a Biblioteca é pouco utilizada polo profesorado, as causas analizaráanse a partir das enquisas.

<sup>6</sup> Maioritariamente novelas, e sobre todo en castelán, o 68%.

<sup>7</sup> O 62% dos alumnos consultados demandaban máis ordenadores

<sup>8</sup> A % redúcese a medida que avanzamos na ESO

<sup>9</sup> O 67% ten menos de 100 libros na casa, sería interesante coñecer que tipo de libros inclúen (texto, enciclopedias,....)

como punto de partida cara próximos cursos deberíamos de partir da formación de usuarios autónomos, pero non só para os alumnos de 1º ESO, senón para todo o Ensino Obrigatorio.

### **Análise da metodoloxía empregada na práctica docente:**

#### a. Resultados:

- Ao redor do 76% do profesorado do centro coñece a normativa existente para o fomento da lectura e escritura comprensiva. De ahí que:
- O 90% deste desenvolveu actividades nas que se tiña en conta a lectura comprensiva. Dentro destas destacamos<sup>10</sup>: *lectura en voz alta, elaboración de resumos, revisión da expresión e comprensión escrita no caderno do alumno, utilización de enciclopedias e dicionarios, lectura e recomendación de libros, sulinado, lectura comprensiva, utilización de dvd e Internet, elaboración de glosarios con termos específicos, uso de revistas ou prensa escrita, documentación e reflexión despois dunha actividade complementaria ou extraescolar, realización de guións e traballos sobre o material audiovisual utilizado na aula,...*
- O 61% usa as TIC para preparar as súas clases.

#### b. Conclusións:

Respecto ao alumnado

- Que se máis do 90% do profesorado desenvolveu actividades de comprensión lectora, **somos conscientes de que non todo o alumnado ten un nivel aceptable de comprensión escrita e lectora.**
- Que se o 80% realiza actividades de sulinado e o 76% de revisión da comprensión escrita utilizando o caderno do alumno, sacamos como conclusión que **os nosos alumnos non son capaces na**

---

<sup>10</sup> As actividades están citadas segundo o %, así aparece citada en primeiro lugar a máis utilizada, polo 95% ata o 28% como menos.

**súa inmensa maioría de seleccionar a información, intregala e elaborar os seus propios documentos.**

Respecto ao profesorado:

Sexa por falta de tempo, pola complexidade e amplitude das programacións, na práctica do profesorado pasa o seguinte:

- Que **non hai actividades específicas de lecto escritura**: os datos son un complemento do desenvolvido nas aulas e relacionado cos contidos das materias.
- Predominan as actividades de lectura sobre as de escritura.
- Que se programan poucas actividades específicas para traballar o vocabulario<sup>11</sup>, o uso da información<sup>12</sup> e o traballo documental.
- Que se utiliza moi pouco a prensa escrita e revistas<sup>13</sup>.
- **Non ahí unha temporalización** (semanal, diaria, quinquenal).
- Contradicción coa introducción nas súas programacións do apartado correspondente á promoción lectura (o 76% coñece a normativa para a ESO) polo que se supón que as actividades realizadas se avalían a cualifican.
- Hai **pouca coordinación entre o profesorado das diferentes materias do mesmo grupo**.
- O 71% realizaría actividades de formación relacionadas coa comprensión lectora.

Profesorado e biblioteca:

- **Que é pouco utilizada:**

---

<sup>11</sup> 52%

<sup>12</sup> 28%

<sup>13</sup> 47%

- i. Só o 28% como complemento ou para preparar as súas clases.
- ii. Únicamente o 52% fixo uso dos seus recursos e desta porcentaxe, o 14% desenvolveu algún proxecto de investigación.

### **Análise nas familias<sup>14</sup>:**

En xeral a frecuencia da lectura nas casas é moi baixa, especialmente nos pais. Practicamente a única que le é a nai. Hai escaso número de libros (menos de 50) e a pouca lectura que se fai é predominantemente lixeira (revistas...). Tampouco se pode dicir que os pais animen ou fomenten este hábito entre os seus fillos; o libro non é case nunca un obxecto de regalo polas celebracións.

Non adoita haber prensa o que causa que os alumnos non estean nada afeitos a ler este tipo de soporte.

## **2. Obxectivos do Plan lector<sup>15</sup>.**

Obxectivos que deben ser aprobados por todos os implicados na súa posta en práctica<sup>16</sup>, e que buscan acadar as competencias enunciadas no Decreto 133/2007, do 5 de xullo que regula as ensinanzas da ESO para Galicia. Anexo V “Plan Lector”<sup>17</sup>.

- a. Fomentar no alumnado o hábito da lectura. Consolidalo e fomentalo.
- b. Crear lectores competentes<sup>18</sup> nas diferentes áreas ou materias<sup>19</sup>, soportes e tempo de ocio.
- c. Mellorar a expresión escrita entre o alumnado<sup>20</sup>.

---

<sup>14</sup> Pendente para o curso 2010-2011.

<sup>15</sup> Partindo dos datos anteriores sempre.

<sup>16</sup> Obxectivos relacionados co alumnado, co profesorado, co propio centro e coas familias:

<sup>17</sup> Seguindo o marcado na Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio, artigos 24.7, 25.5 e 26.2. para a ESO.

<sup>18</sup> Que comprendan o que leen e polo tanto autónomos.

<sup>19</sup> A través de estratexias de comprensión lectora.

- d. Mellorar a expresión oral dos alumnos/as.
- e. Utilizar as TIC como fonte de consulta, información e comunicación.
- f. Lograr un tempo de lectura no centro<sup>21</sup>.
- g. Lograr que os alumnos sexan críticos no uso da información.
- h. Apoiar ás diferentes áreas e materias na adquisición das competencias básicas.
- i. Utilizar a Biblioteca como o centro de recursos do centro.

Estes son obxectivos que buscan crear lectores competentes e con hábitos de lectura máis alá das chamadas “lecturas obrigatorias”. Pero para logralo precisamos a a participación/implicación do:

Profesorado:

- a. Priorizando no ensino obrigatorio a aprendizaxe das competencias básicas nas aulas<sup>22</sup>
- b. Colaborando na realización deste proxecto e no logro dos obxectivos comúns.
- c. Integrando a lectura na dinámica da clase.
- d. Estimulando a investigación e a innovación na aula.
- e. Utilizar a biblioteca do instituto como un centro de recursos ao servizo de todos (alumnos, profes,...).

Familias:

---

<sup>20</sup> Tendo en conta as diferencias entre os ciclos da ESO, a ESO e o Bacharelato, e estes cos Ciclos existentes no centro.

<sup>21</sup> Fixar cara próximos cursos un tempo diario á lectura.

<sup>22</sup> Na ESO.



- a. Contribuindo (dentro das nosas posibilidades) a mellorar os hábitos lectores das familias dende o centro a través da biblioteca, dalgunha das actividades ou a través dos propios alumnos.
- b. Logrando que participen dalgunha forma, nalgunha das actividades a desenvolver pola biblioteca.
- c. Utilicen a biblioteca

#### Centro (Dirección e Órganos colexiados)

Considerando a lectura e o uso da biblioteca como factores fundamentais e de máxima importancia para o funcionamento do centro, estes implicaranse nas medidas acordadas no PLC e tamén nas tomadas polo equipo da biblioteca. Tamén terán en conta, na medida do posible as necesidades dos membros do equipo mencionado na confección dos horarios a comenzo de curso.

### **3. Organización de espazos e tempos para a lectura no IES:**

#### **Espazos:**

##### Aulas<sup>23</sup>

- a. Práctica cotiá.
- b. Hora/momento de lectura.
- c. TIC

##### Biblioteca

- a. Horario de apertura (en cada unha das salas de profesores) e profesor responsable da mesma.

---

<sup>23</sup> Incluídas as de Informática.

- b. Funcionar como aula de lectura/consulta co profesor do grupo que quixese utilizala (consultar no horario se estivese ocupada por outro grupo previamente e sen entorpecer a estancia dos que están na mesma).
- c. Aula de actividades de animación da lectura (organizadas polo profesorado ou outros).

Salón de Actos (para actividades que requiran un número elevado de participantes).

Aulas de Informática

Outras

Biblioteca Pública e outros espazos culturais do concello ou parroquia

Casa

### **Tempos:**

- a. Actividades de aula relacionadas coa práctica diaria do profesorado<sup>24</sup> (comprensión lectora, realización de textos escritos, integración das TIC,...) e que no supoñen un tempo específico e diferencia da seguinte.
- b. Actividade de aula: hora de lectura (cara o próximo curso 2010-2011 deberíase ter en conta á hora de organizar os horarios), outras recollidas nas correspondentes programacións.
- c. Actividades organizadas polo Equipo da Biblioteca, Normalización Lingüística, Departamentos,...aclarando o tempo que ocupan, se afecta a outros profesores ou grupos.

---

<sup>24</sup> Que aparecerá reflectada nas correspondentes programacións.

#### **4. Intervencións para o fomento da lectura**

##### **Proposta de actividades 1º e 2º trimestre**

##### **1. Campaña de benvida ou “Coñece a túa biblioteca”.**

Obxectivos (alumnado<sup>25</sup>)

- a. Coñecer a biblioteca (sala, funcionamento, aos profesores responsables,...).
- b. Saber manexar e empregar os recursos materiais existentes.
- c. Localizar libros e outros documentos.
- d. Utilizar o servizo de préstamo.
- e. Participar nas actividades que se organicen.
- f. Aprender a buscar información por si sós.
- g. Coñecer os hábitos lectores do alumnado do centro.
- h. Iniciar o fomento do hábito de lectura “enganchalos”.

Obxectivos (profesorado<sup>26</sup>)

- a. Coñecer o funcionamento da biblioteca (préstamos, uso da sala,...).
- b. Coñecer os recursos materiais existentes na biblioteca do centro.
- c. Analizar os hábitos de lectura da comunidade educativa a través da CCP e Departamentos Didácticos.
- d. Implicarse na dinamización con propostas de actividades vía Departamentos, CCP, ou Equipo de Biblioteca.
- e. Lograr maior implicación da dirección do centro (gardas, dotación,...) dentro das súas dispoñibilidades.

---

<sup>25</sup> Con alumnado de 1º ESO.

<sup>26</sup> En xeral e sobre todo cos de nova incorporación ao centro.

- f. Elaborar o Itinerario Lector do seu Departamento.

Obxectivos (familias e persoal non docente)

- a. Coñecer os seus hábitos de lectura<sup>27</sup>.
- b. Implicalos na realización de actividades dinamizadoras e no centro.
- c. Aproximalos á biblioteca a través dos préstamos.

## **2. Campaña de benvida ou “Coñece a túa biblioteca”.**

### **2.1. Actividades (alumnado)**

- Reparto enquisas diferentes grupos da ESO e Bacharelato nos meses de outubro-novembro para coñecer as prácticas lectoras e escritoras do noso alumnado e deseñar ou reformulas obxectivos se fose preciso.
- Actividades para coñecer a biblioteca para o alumnado de 1º ESO no 1º trimestre<sup>28</sup>.
- Actividades para coñecer a biblioteca para alumnos da ESO<sup>29</sup>: Sesións presenciais na biblioteca para aprender a buscar información dentro dos fondos existentes relacionados coas diferentes áreas do seu curriculum<sup>30</sup>. Irán acompañados por un membro do equipo da biblioteca e o profesor que tivese na hora da actividade:
  - Traballarán cunhas unidades didácticas nas que lles pedirá que busquen e comprendan determinado vocabulario ou termo de cada materia.
  - Unidades relacionadas cos autores dos libros de lectura obrigatorios.
  - Baseadas na resolución de preguntas ou problemas que requiran o uso de calquera fondo da biblioteca.

### **2.2. Actividades (profesorado).**

---

<sup>27</sup> Enquisas.

<sup>28</sup> Realizadas dende o curso 2007-2008

<sup>29</sup> Proposta para os próximos cursos.

<sup>30</sup> Actividades con diferente grao de dificultade segundo o curso e relacionada coa materia/materias que inclúan nas súas programacións este tipo de consultas.

- Repartir enquisas a través da CCP e Departamentos no 1º ou 2º trimestre.
- Formación do profesorado para a elaboración dos Itinerarios Lectores do seu Departamento:
  - o Nos corchos das Salas de Profesores estará o horario da biblioteca coas persoas responsables.
  - o Na carpeta “Reserva...” de cada Sala, anotarse para usar a biblioteca.
  - o Nas actividades do alumnado (Departamentos-Titorías<sup>31</sup>).
  - o Formación como usuarios do programa de busca (consultas fundamentalmente).

### **2.3. Actividades (pais/nais e persoal non docente).**

- Reparto de enquisas no Consello Escolar cando este se reuna a través da Dirección ou dalgún profesor membro do mesmo.
- Reparto de enquisas aos pais que acudan ao centro a reunirse cos titores ou profesores
- Presentación da Biblioteca na Xornada Acollida Pais
- Poñer en conserxería o horario da biblioteca co profesor responsable.

#### **Ao longo do curso (actividades):**

Conmemoracións de datas significativas.

Visita á Biblioteca e uso dos seus fondos e recursos a través de actividades interdepartamentais.

Charla, coloquio dalgún escritor, mochilas viaxeiras, quías de novidades, difusión de fondos específicos de cada materia, visitas á biblioteca pública, club de lectura e blog do mesmo,...

Todas estas actividades terán á Biblioteca como eixe impulsor fundamental pero non único, xa que para lograr algún resultado requírese a colaboración.

---

<sup>31</sup> As actividades poden ser propostas polos propios Departamentos, polo Equipo de Biblioteca, Orientación,...

#### **4. Recursos humanos e materiais. A Biblioteca.**

A biblioteca ten unha superficie de forma rectangular de 140 m<sup>2</sup>, ben iluminada, con non moi fácil acceso dende algunha das partes do centro e de fóra. Nela diferencianse estas seccións:

1. Informática.
2. Taboeiro de anuncios<sup>32</sup>.
3. Expositor de novidades.
4. Expositor de prensa e revistas.
5. Andeis de DVDs.
6. Andeis de libros.
7. Zona de traballo.
8. Xestión e préstamo.
9. Audiovisuais
10. Zona de Internet
11. Xogos
12. Hemeroteca

#### **Mobiliario**

- 9 módulos de estanterías dobles.
- 1 moble de periódicos.
- 1 expositor revistas.
- 1 módulo de estantes de “pé”.
- 2 mesas de ordenador de 2.20 por 0,80.
- 5 mesas grandes.

---

<sup>32</sup> Tamén hai na pranta baixa xunto con un expositor de novidades.

- 1 mesa tallada castaño escuro, 1,40 por 0,80.
- 1 mesa de bibliotecario, cor mel, 1,25 por 0,65.
- 30 sillas con respaldo ondulado.
- 19 sillas almohadilladas.
- Papeleiras, paragüeiros, cadros, bustos.

### **Dotación Informática**

- Un ordenador de bibliotecario.
- Seis ordenadores con cascos (un como auxiliar do bibliotecario e un na mesa de audiovisuais).
- Dúas impresoras

### **Fondos**

- 9500 fondos aproximadamente<sup>33</sup> dos que 8592 están no MEIGA.
- Hai 381 DvDs (329 longametraxes e 52 reportaxes).
- Recíbese a Voz de Galicia, Diário de Pontevedra, El País, ABC; Marca.
- Revistas: Muy Interesante, National Geographic, El Jueves, Computer Hoy, Marca Motor e ocasionalmente, Grial, Di Verdi, Mi Pc, Humus

### **Persoal que atende a biblioteca**

No curso 2009-2010 a biblioteca foi atendida por 8 profesores, un deles é o responsable da mesma; colaboraron 13 alumnos e 4 profesores.

A biblioteca está aberta de 9:20 a 13:10 da mañá e de 17:00 a 20:15 horas póla tarde (os martes ata as 21:00 horas) segundo o cadro horario que figura na entrada da mesma e nas dúas salas de profesores existentes no centro.

As normas de funcionamento foron aprobadas polo equipo no curso 2008-2009.

As actividades que desenvolve esta biblioteca figuran no apartado anterior, centradas en/na:

- Formación de usuarios.
- Fomento da lectura, que se traduce en iniciativas como:

---

<sup>33</sup> A maio de 2010.

Publicación de guías de lectura e boletíns informativos para alumnos, pais e profesores.,exposicións temáticas, carros das gardas, etc.

- Facilitar o aprendizaxe no acceso á información.
- Conmemoracións de datas significativa ao longo do curso.
- Modernización de fondos
- Colaboración cos Departamentos. Difusión do coñecemento dos recursos.

Como xa se recolle no apartado de análise entre o profesorado, o 76% considera necesarias actividades de formación de lecto-escritura.

## **5. Seguimento e avaliación:**

Para a avaliación deste proxecto teremos en conta:

- Obxectivos aquí recollidos.
- Programacións didácticas na ESO:
  - o Estratexias de comprensión lectora.
  - o Fomento da lecto-escritura.
- Organización de espazos e tempos.
- Uso e organización da biblioteca.
- Actividades desenvolvidas.
- Uso das TIC.
- Implicación das familias e do centro.

Instrumentos para a avaliación do proxecto lector (CCP, Departamentos, Orientación):

- Enquisas.
- Estadísticas.
- Test,...



